



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A ACTUALIZACIÓN DAS MEDIDAS DE ORDENACIÓN ACADÉMICA PARA A VALIDACIÓN DE MATERIAS DO ALUMNADO QUE CURSA AS ENSEINANZAS DE 1º CURSO DE BACHARELATO E AS ENSEINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou recentemente o Real decreto 14/2023, de 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 242/2009, de 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de Educación Física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de Danza (BOE de 18 de xaneiro de 2023), que modifica, entre outros aspectos, o anexo II. *Validación de diversas materias de Bacharelato con determinadas materias das ensinanzas profesionais de Música* e o anexo III. *Validación de diversas materias de Bacharelato con determinadas materias das ensinanzas profesionais de Danza*.

Ademais determina na súa Disposición final segunda. *Calendario de implantación* que o disposto nese real decreto implantarase para primeiro de Bacharelato no curso escolar 2022-2023 e para segundo de Bacharelato no curso 2023-2024.

A normativa que viña sendo de aplicación en Galicia é a Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral, así como as consideracións reguladas na Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Ante esta situación de modificación normativa, coa finalidade de aclarar aos centros educativos as dúbidas que puideran xurdir en relación ás validacións do alumnado de 1º de bacharelato, cómpre ter en conta o seguinte:

- A normativa vixente en Galicia en relación ás validacións segue a ser a Orde do 7 de xullo de 2010 xunto coas consideracións establecidas na Resolución do 26 de maio de 2022, e desde a súa entrada en vigor as modificacións introducidas no Real Decreto 14/2023, de 17 de xaneiro, a normativa vixente en Galicia.
- Estas instrucións concréntanse para o alumnado do 1º curso de bacharelato polo que non será necesario realizar modificacións no caso do alumnado da educación secundaria obrigatoria nin do 2º curso do bacharelato.
- As novas validacións entre as materias de 1º de Bacharelato e as materias das ensinanzas profesionais de Música e de Danza son as que se inclúen nas táboas do anexo deste documento.

E de conformidade co anterior, resolvo ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

Primeiro. Habilitación dun novo prazo de solicitudes de validación para alumnado de 1º de bacharelato





1. Habilítase un novo prazo de solicitude validacións para o alumnado que cumpra os requisitos das táboas de validación recollidas nestas instrucións ata o día 7 de febreiro de 2023.
2. Os centros deberán informar ao alumnado de 1º de bacharelato das opcións de validación existentes así como do prazo de solicitude.
3. A dirección do centro resolverá as solicitudes no prazo máximo de 5 días.

Segundo. Alumnado con validacións concedidas no curso 2022-23

1. O alumnado de 1º de Bacharelato ao que lle foron concedidas validacións de materias este curso escolar, por ter as materias das ensinanzas de Música ou de Danza xa cursadas e aprobadas ou por ter pendente de presentación o certificado académico que acredite a superación das materias requiridas, coa aplicación da normativa que estaba en vigor no momento da súa solicitude, manterá as ditas validacións. Será necesario, nos casos que proceda, que os centros actualicen as dilixencias de validación coas novas materias requiridas para non prexudicar ao alumnado de cara ao 2º curso de Bacharelato, xa que cada materia soamente pode ser utilizada para unha única validación.
2. Polo tanto, nos casos en que proceda porque a alumna ou o alumno xa ten cursada e aprobada a nova materia requirida para a validación e a dilixencia xa incorporada aos documentos oficiais fai referencia á anterior materia requirida, os centros deberán actualizar as dilixencias de validación.

Concretamente, a actualización das dilixencias refírese as seguintes materias por terse modificado a materia requirida para a validación da materia de 1º de Bacharelato:

- a) Artes Escénicas I no caso de validacións coas ensinanzas profesionais de Danza.
- b) Análise Musical I, Coro e Técnica Vocal I e Linguaxe e Práctica Musical no caso de validacións coas ensinanzas profesionais de Música.

3. O modelo para a actualización da dilixencia axustarase ao contido do seguinte texto.

Dilixencia para facer constar que, de conformidade coa aplicación do Real decreto 14/2023, do 17 de xaneiro, a nova materia empregada para a validación da materia de 1º de Bacharelato será a materia ... cursada nas ensinanzas profesionais de Música/Danza.

4. Nos casos de alumnado pendente de presentar o certificado académico que acredite a superación da materia requirida, a dilixencia que se incorpore aos documentos oficiais fará referencia á nova materia requirida no caso de que esta estea cursada e aprobada.
5. Nos casos en que a alumna ou o alumno non teña cursada ou non estea a cursar a nova materia requirida ou no caso de ter validadas máis materias das que aparecen nas táboas, manteñanse as validacións tal e como foron concedidas no seu momento.

Terceiro. Aplicación

Estas instrucións serán de aplicación no presente curso 2022-23 para o alumnado de 1º de bacharelato.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa





Anexo. Táboas de validación establecidas segundo o Real Decreto 14/2023, do 17 de xaneiro, para o alumnado de que cursa estudos de 1º de bacharelato no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia

Validación de materias de Bacharelato con materias das Ensinanzas profesionais de Música			
Curso	Materias de bacharelato susceptibles de validación	Materia requirida das ensinanzas profesionais de danza	Observacións para a revisión e actualización das dilixencias de validación
1º BAC	Análise Musical I	1º curso de Harmonía	O centro deberá actualizar a dilixencia no caso de que a alumna ou o alumno teña cursada a materia requirida.
	Coro e Técnica Vocal I	1º curso de Coro	O centro deberá actualizar a dilixencia no caso de que a alumna ou o alumno teña cursada a materia requirida.
	Linguaxe e Práctica Musical	2º curso de Linguaxe Musical	O centro deberá actualizar a dilixencia no caso de que a alumna ou o alumno teña cursada a materia requirida.

Validación de materias de Bacharelato con materias das Ensinanzas profesionais de Danza			
Curso	Materias de bacharelato susceptibles de validación	Materia requirida das ensinanzas profesionais de danza	Observacións para a revisión e actualización das dilixencias de validación
1º BAC	Anatomía Aplicada	1º e 2º cursos de Anatomía Aplicada á Danza	Non hai cambios
	Artes escénicas I	1º curso de Danza clásica, Danza contemporánea, Danza estilizada, Escola <i>bolera</i> ou Técnica de danza contemporánea	O centro deberá actualizar a dilixencia no caso de que a alumna ou o alumno teña cursada algunha das materias requiridas.
	Linguaxe e Práctica Musical	3º curso de Música	Non hai cambios

